

PREGUNTA DE AER SOBRE O CAMIÑO A COSTA DE CHAPELA.

PLENO 02 MARZO DE 2017. ACTA 03/2017

En relación á problemática do Camiño a Costa na parroquia de Chapela, atopamos unha serie de discrepancias entre a Concellería de Vías e Obras e a voceira do Goberno local. A principios de novembro do pasado ano a Concellería de Vías e Obras mostrou vontade de atenderaos veciños do Camiño a Costa e buscar unha solución; foron atendidos no despacho da concelleira e desprazouse ao lugar acompañada dun técnico municipal para estudar o ensanche do citado camiño. Unha actitude formal e dentro da normalidade, que choca coas declaracións da voceira do Goberno local no pleno ordinario de novembro do pasado ano, nas que afirmou de forma acalorada que o rogo no que estes veciños demandaban o ensanche do camiño era “un panfleto e unha utopía que non se podía realizar”.

Ten pensado o goberno Local actuar sobre o ensanche do Camiño a Costa de Chapela; e ten pensado a voceira do Goberno local pedir desculpas á familia Sueiro Escariz, polas súas desafortunadas declaracións ante o rogo que presentou esta familia no pleno ordinario do mes de novembro?

A concelleira BARCIELA BARROS di que está todo respostado tanto á familia como ao propio grupo de AER. Di que hai vontade de facelo pero non se localiza ao propietario para conseguir os terreos.